

## ANUNCIO

**ASUNTO:** APERTURA PRAZO PRÓRROGA BOLSA DE EMPREGO DUN CONDUTOR OPERARIO E PEÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS

**EXPEDIENTE:** 4/2021

O día 11/01/2021 ditouse a seguinte resolución da Alcaldía núm. 2021-004:

## RESOLUCIÓN

**Asunto:** Apertura prazo prórroga bolsa de emprego condutor e peón ano 2021

**Expediente:** 4/2021

## ANTECEDENTES

1.No BOP núm. 64 do 04/04/2017 saíron publicadas as Bases para a formación de dúas bolsas de traballo para realizar contratacións laborais temporais como condutor operario e peón de obras e servizos municipais para o Concello de Moeche.

2.Na base duodécima, donde explica o proceso de prórroga da bolsa de emprego, di que cada ano se abrirá un prazo que contará dende o 15 de xaneiro ao 14 de febreiro. Durante este prazo as persoas que xa figuran inscritas na bolsa poderán presentar novos méritos e aqueles interesados que non figuren poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Abrir o prazo desde o 15/01/2021 ao 14/02/2021 para que as persoas que xa figuran inscritas na bolsa presenten novos méritos, así mesmo aqueles interesados que non figuren na mesma poderán presentar a solicitude de inclusión na bolsa de acordo co establecido na cláusula sexta das bases. En todo caso só se terán en conta os méritos alegados que o solicitante reúna o primeiro día da apertura do período de actualización.

Segundo.- A nova lista exporase no taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal.

Moeche, ( na data da sinatura dixital)

A alcaldesa

Asdo.: Beatriz Bascoy Maceiras.

